

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 30 de novembro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.- Apertura económica

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación comunica aos membros da Mesa que por acordo de data 23 de novembro de 2018 se requiriu a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. e CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L. para que indicasen se pertencen ou non a un grupo de empresas (e, en caso afirmativo, se algunha participa nesta licitación) para os efectos do artigo 86 do RXLCAP. Os citados licitadores presentaron a documentación dentro do prazo concedido.

Acto seguido, pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución prezo contrato
1	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	217.481,23
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.	303.282,13*
3	ORECO, S.A.	261.395,70
4	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	231.812,68

* Segundo se indica na documentación presentada por CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L. a súa oferta refírese ao expediente 79-441, en lugar de ao 78-441. De feito o prezo ofertado excede do orzamento base de licitación deste contrato.

Asiste á apertura D. M.A.V. en representación da Federación Galega da Construción. A acta de asistencia asinada figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Excluir a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L. do procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441) polo motivo previsto na cláusula 14.2 do PCAP ("Excedese do orzamento base de licitación").
2. Solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.



O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos, informando que contra a anterior resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o órgano de contratación, a Xunta de Goberno Local, no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, ambos dous contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación.

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares (“As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante”), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontractacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/12/2018 10:42

Páxina 2 de 2

Expediente 78/441

CSV: 2AE75D-5FD3EB-DDE1AH-KB65PL-J91Z44-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>